



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre contido do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Pico Touriñán (concellos de A Estrada, Cerdedo e Campo Lameiro, Pontevedra), promovido por Eólicos Touriñán, S.A., clave 2010/0254,

EXPÓN:

1. Que, de acordo coa documentación recibida e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto non afectaría directamente a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo coa documentación recibida a Memoria ambiental só considerou ás posibles afeccións do parque eólico ás especies de aves incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), ignorando as afeccións probables ou seguras sobre outros grupos de taxóns como anfibios, réptiles e morcegos.
3. Que, de acordo coa documentación recibida o parque eólico e coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), o proxecto podería afectar a 4 especies catalogadas (*Rana iberica*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto de Parque Eólico Pico Touriñán (concellos de A Estrada, Cerdedo e Campo Lameiro, Pontevedra), promovido por Eólicos Touriñán, S.A., clave 2010/0254:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Rana iberica* e *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros* e *Myotis myotis*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de *Rana iberica*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*. que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
2. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2011